

Polo anteriormente exposto e en virtude das competencias delegadas no artigo 5 da Orde do 15 de xuño de 2009, sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde (DOG nº 119, do 19 de xuño),

ACORDO:

A constitución con carácter permanente da mesa de contratación do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo (Chuvi), coas funcións que lle asignan a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, así como o artigo 22 do Real decreto 817/2009, do 8 de maio, de desenvolvemento parcial da devandita lei.

Primeiro.-Composición da mesa de contratación.

A mesa de contratación terá a seguinte composición:

Presidencia: será exercida pola persoa titular da Dirección de Xestión e Servizos Xerais, que poderá ser substituída nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade polo titular de calquera das outras direccións.

Vogais: un representante da Intervención Territorial da Consellería de Facenda, que poderá ser substituído no caso de vacante, ausencia ou enfermidade por outro interventor/a designado pola Intervención Territorial.

Un representante da Asesoría Xurídica do Servizo Galego de Saúde, que poderá ser substituído no caso de vacante, ausencia ou enfermidade por outro letrado/a que designe a Asesoría Xurídica do Servizo Galego de Saúde.

Un titular da Subdirección de Xestión e Servizos Xerais. No caso de vacante, ausencia ou enfermidade poderá ser substituído por outro subdirector designado pola Dirección de Xestión e Servizos Xerais.

Un representante da Área de Aproveitamento, con nivel mínimo de supervisor de Enfermería, que poderá ser, substituído nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade pola persoa titular da Xefatura do Servizo de Aproveitamento.

Un representante do Servizo de Contratación Administrativa.

Secretaría: o titular da Xefatura do Servizo de Contratación Administrativa, que actuará con voz pero sen voto. Poderá ser substituído nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade por outro representante do devandito servizo designado por quen exerza a presidencia.

Cando a natureza dos asuntos o requira, a presidencia poderá solicitar a incorporación á mesa de contratación de cantos asesores especializados e persoal técnico coide convenientes en razón dos seus especiais coñecementos técnico e poderá tamén solicitar cantos informes considere necesarios. Os

asesores e persoal técnico actuarán con voz pero sen voto, sen que teñan a consideración de membros da mesa nin os seus informes vinculen a esta.

Segundo.-Normas de funcionamento da mesa de contratación.

A mesa de contratación reunirse, logo de convocatoria de quen exerza a presidencia, coa periodicidade que requiran os diferentes expedientes de contratación. Para a súa válida constitución deberán estar presentes a maioría absoluta dos seus membros entre os que teñen que estar, necesariamente, a representación da Asesoría Xurídica e a representación da Intervención Territorial Delegada. Os seus acordos adoptaranse por maioría de votos.

Supletoriamente, o seu funcionamento rexerá polo establecido para os órganos colegiados no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Terceiro.-Publicación e data de efectos.

A mesa de contratación será competente naqueles expedientes en que a orde de inicio teña lugar na mesma ou posterior data á de publicación deste acordo no *Diario Oficial de Galicia*.

Vigo, 13 de xullo de 2009.

Francisco Soriano Paredes
Xerente do Complexo Hospitalario Universitario
de Vigo

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE FACENDA

Resolución do 31 de xullo de 2009, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia (grupo B), escala de enxeñeiros técnicos agrícolas, convocado pola Orde do 28 de decembro de 2007 (Diario Oficial de Galicia número 7, do 10 de xaneiro de 2008).

En sesión que tivo lugar o día 31 de xullo de 2009, o tribunal nomeado pola orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 8 de setembro de 2008 (DOG nº 175, do 10 de setembro), para cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo facultativo de grao medio da Xunta de Galicia (grupo B), escala de enxeñeiros técnicos agrícolas, convocado pola Orde do 28 de decembro de 2007 (DOG nº 7, do 10 de xaneiro de 2008) e de conformidade co establecido na dita orde,

ACORDOU:

Primeiro.-Facer pública, como anexo a esta resolución, a relación de aspirantes que superaron o proceso selectivo, pola orde de puntuación obtida, con indicación do seu documento nacional de identidade.

De acordo co disposto na base IV da orde de convocatoria, os aspirantes dispoñen dun prazo de vinte días naturais, contados a partir do seguinte ao de publicación no *Diario Oficial de Galicia* desta resolución, para presentaren a documentación prevista no número 2 da citada base.

Segundo.-Eleva a devandita relación de aspirantes ao titular da Dirección Xeral de Función Pública para que elabore a proposta de nomeamento.

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso de alzada ante a conselleira de Facenda, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o previsto no artigo 114 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 31 de xullo de 2009.

Ascensión Labella Lozano
Presidenta do tribunal

ANEXO**Escala de enxeñeiros técnicos agrícolas**

DNI	Apelidos e nome	1º exercicio	2º exercicio	Concurso	Total
3331191S	Cociña Iglesias, José Ignacio	11,77	14,59	16,00	42,36
32647915J	Rodríguez Vázquez, Manuel	11,55	11,64	16,00	39,19
33311275F	López López, Fernando	10,22	13,44	15,40	39,06
33313565C	Vila Corbeira, María Dolores	10,88	12,26	15,80	38,94
33314130X	Fontal Álvarez, Santiago	10,66	11,92	16,00	38,58
09772817W	Nicolás Velado, María del Camino	11,77	10,00	13,00	34,77
44813549G	Ferrer Lojo, Francisco Javier	17,55	17,16	0,00	34,71
44451202E	Rodríguez Soto, Encarnación	13,33	13,82	6,40	33,55
34997470A	Escuredo Rodríguez, Gerarda	12,88	12,76	7,80	33,44
44449927N	Gómez Cid, Diego	12,66	12,66	6,80	32,12
32653352E	Muñíos Beltrán, Néstor	13,33	10,24	8,40	31,97
33329341H	Moreno Rodríguez, Rosa María	12,22	14,48	5,20	31,90
35461033R	Somme López, Ana Begoña	12,66	12,38	6,80	31,84
44464051Z	Fernández González, Carlos	12,88	12,20	6,40	31,48
79310650A	Gómez Casas, Pablo	10,66	13,56	6,80	31,02
34997433N	Carrasco Batán, María José	13,11	12,98	4,80	30,89
36177704S	Rodríguez Álvarez, Laura	12,66	17,62	0,00	30,28
33334943P	Ramos Gandoy, Ricardo José	10,22	11,28	8,00	29,50
32679350F	Lúgaro Seco, Pablo	11,77	12,76	4,60	29,13
72716585S	Blanco Neira, Francisco	11,77	15,72	0,00	27,49
34946461P	Vega Dosantos, Antonio	13,11	10,08	3,40	26,59
76779085W	Rodríguez Blanco, Abel	10,66	11,28	4,00	25,94
44457553W	Sotelo Cao, Beatriz	10,00	11,24	4,60	25,84
32650497L	Romero Rego, José Luis	12,66	12,80	0,00	25,46
32834576J	Recarey Patiño, Francisco Javier	10,66	11,12	3,40	25,18
76969009S	García Gómez, José María	11,33	11,48	2,20	25,01
76824802H	Loureiro Rey, José Manuel	12,00	12,84	0,00	24,84
52431921V	Rodríguez Anón, Ricardo	11,55	13,00	0,00	24,55
34635405G	Coto Fernández, Nuria	10,00	13,88	0,00	23,88
33271040E	Pérez Trillo, Elías	11,11	12,76	0,00	23,87
33347178F	López López, María José	10,22	13,58	0,00	23,80
44482377D	Gómez Álvarez, Belén	12,22	11,44	0,00	23,66

DNI	Apelidos e nome	1º exercicio	2º exercicio	Concurso	Total
76727876Z	Fernández Ojea, David	10,44	13,08	0,00	23,52
33350575T	García Cabana, Rubén	11,55	11,68	0,00	23,23
76932099C	Docío Rodríguez, Fátima	10,88	11,96	0,00	22,84
33339387J	Viador Lameiro, Cristina	10,00	12,46	0,00	22,46
34264135T	Sotelo García, María Ángeles	10,00	12,36	0,00	22,36
76575311P	Combarro Pereira, Angustias Pilar	10,66	11,36	0,00	22,02

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

Orde do 23 de xullo de 2009 pola que se anuncia a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nesta consellería.

De conformidade co establecido no artigo 29.2º do Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, e no artigo 16 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna, e no uso das atribucións conferidas polo artigo 17.4º do mesmo decreto, esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.-Anunciar a convocatoria para cubrir, polo sistema de libre designación, o posto de traballo que se indica no anexo I desta orde.

Segundo.-Poderán concorrer a ela os/as funcionarios/as de carreira que reúnan as condicións que para o posto de traballo se sinalan no anexo I.

Terceiro.-As solicitudes para participar nesta convocatoria presentaranse no rexistro xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (edificio administrativo San Caetano s/n, Santiago de Compostela), nos seus departamentos territoriais ou nas oficinas previstas no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de 15 días contados a partir do seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o modelo que se inclúe como anexo II.

Cuarto.-Os/as aspirantes deberán unirle á petición un *curriculum vitae* xustificando documentalmente os méritos que aleguen.

Quinto.-No caso de que resulte seleccionado/a para ocupar o posto de traballo que se relaciona no anexo I desta orde un/ha funcionario/a con destino noutras administracións públicas, tramitarase o seu traslado a esta comunidade autónoma conforme o artigo 67 do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, e as demais disposicións concordantes.